

MOVENEDA

PLENOS ORDINARIOS 2016

21 Xullo as 12:00 h.
15 Setembro as 12:00 h.

CUSTE CORPORACION

Total Lexislatura: **81962,4€**
Ano actual(2016): 40476,9 €
(INCLUE CONCELLAIS DE MOVENEDA)

ASEMBLEAS MOVENEDA 2016

2ª Rolda de asembleas en
setembro

Un ano de lexislatura



Artigos

A Vespa Velutina

ver páxina 5

As Obras doi pavillón

ver páxina 3

MOVENEDA: Xa vai 1 ano

Ver páxina 6

Xa levamos un ano na oposición. *ver páxina 6*

As Obras do Pavillón

Como xa deixamos claro no pasado boletín e nas asembleas veciñais que levamos feito durante e despois das eleccións, os integrantes do grupo MOVENEDA, decidimos non entrar a formar parte do goberno actual, composto por PSOE, BNG e CG. Unha das razóns fundamentais foi o rexeitamento destes partidos a facer unha auditoría do estado no que o PP (e anteriormente Terra Galega) deixou ao Concello de Neda, tanto nas contas como na xestión.

Ver páxina 3

Cambio nos concelleiros

O pasado pleno acontecido o xoves 21 de xullo as 12:00 da mañá, MOVENEDA cambiou os seus representantes.

Leticia Iglesias renunciou formalmente á acta de concelleira por motivos meramente persoais. En palabras dela: " Por motivos persoais non podo darlle a dedicación que merece o posto e por ese motivo prefiro deixar que outro tome o meu lugar".

Carlos Caaveiro ocupará o seu lugar como concelleiro de MOVENEDA a partires do seguinte pleno.

MOVENEDA

Ingresos de MOVENEDA

INGRESOS	2015	2016
grupo municipal		
asignación grupo municipal	1596	1476
concelleiros	2555	1556
	4151	3032

Gastos de MOVENEDA

DATA	CONCEPTO	Importe
22/01/2016	Celebración 1º Aniversario	320
22/01/2016	GASTOS IMPRESORA DEC 2015	47,19
23/01/2016	FOLIOS	21,75
3/02/2016	GASTOS IMPRESORA XAN 2016	2,25
7/03/2016	GASTOS IMPRESORA FEB 2016	62,77
28/03/2016	GASTOS LOCAL 1º TRIM 2016	120,45
28/03/2016	RAMO FUNEBRE	80,00
12/04/2016	GASTOS IMPRESORA MAR 2016	54,04
03/05/2016	GASTOS IMPRESORA ABR 2016	53,48
07/06/2016	GASTOS IMPRESORA MAIO 2016	59,07
28/06/2016	GASTOS LOCAL 2º TRIM 2016	120,45
TOTAL		1.272,

Total Corporación	2015	2016	
	importe	Plenos	importe
Plenos	8439	3	5063,4
comisiones delegados de área	30024	25	31275
comisiones informativas	2790	21	3906
comision informativa de Urbanismo*	232,5	0	0
Comisión informativa de cuentas		1	232,5
euros	41485,5		40476,9

PLENOS	euros
alcalde	291
concelleiros(12)	116,4
Total custe do pleno	1687,8
Comisions de Delegados de Área	euros
alcalde	249
concelleiros(6)	167
Total custe por comisión d.a.	1251
Comisions Informativas	euros
1 representante por grupo muni-	46,5
total por comision urbanismo	232,5
total por comision informativa	186

*Ás comisións informativas asisten 4 concelleiros representando os catro grupos municipais. No caso da comisión de Urbanismo asite tamén o alcalde e por iso o custo é maior.

BOP 200, de 20 octubre de 2015

Estas catro táboas representan o que gasta o concello nos seus concelleiros.

Ademais dende MOVENEDA creemos importante que coñezades como xestiona o noso grupo as contas, non poderíamos facelo doutro xeito, non son os nosos cartos.

As dúas primeiras tablas corresponden ós gastos e ingresos de grupo municipal de MOVENEDA.

A seguinte mostra **cantos cartos precisa o concello para manter a Corporación**. Apareciase que as comisións de delegados de área, ás que só asiste o grupo de goberno, teñen o custo mais alto.

A última táboa amosa os cartos en bruto que percibe cada concelleiro (incluídos os de moveneda) pola súa labor nas comisión ou plenos.

MOVENEDA

AUDITANDO O CONCELLO: CAPÍTULO 1

“AS OBRAS DO PAVILLÓN”

Como xa deixamos claro no pasado boletín e nas asembleas veciñais que levamos feito durante e despois das eleccións, os integrantes do grupo MOVENEDA, decidimos non entrar a formar parte do goberno actual, composto por PSOE, BNG e CG. Unha das razóns fundamentais foi o rexeitamento destes partidos a facer unha auditoría do estado no que o PP (e anteriormente Terra Galega) deixou ao Concello de Neda, tanto nas contas como na xestión.

A pesar de non estar no goberno, os nosos dous concelleiros seguen a traballar para conseguir, na medida das posibilidades que permite estar na oposición, “auditar” o estado do concello e informar disto a toda a veciñanza de Neda.

Neste sentido, xa nos atopamos con varias “xoiás”, pero neste caso nos gustaría falar dunha delas que deixou “boquabertos” a aqueles que acudiron ao pleno do pasado mes de marzo.

Se trata da obra da reparación da cuberta e do parque do pavillón, que foi adxudicada polo PP no ano 2013 á empresa VIALON por un importe de máis de 53.000 euros.

A historia comezou cando na Comisión Informativa de Deportes do mes de febreiro se nos informa de que hai goteiras na cuberta do pavillón co risco de que acaben estragando o parque do chan, suceso curioso cando esta cuberta hai menos de 3 anos que se reparou. Este foi o detonante que fixo que indagáramos sobre o problema.

“as características técnicas do traballo desenvolto non se axustaban ao proxecto ”

Nesta mesma comisión informativa se nos entrega un informe redactado polo arquitecto técnico municipal, a petición dos concelleiros do PP que naquel momento xestionaban as áreas de deportes



e obras, no que informaba negativamente dos traballos que se estaban a desenvolver cualificando os mesmos de INADMISIBLES. Neste informe o arquitecto xa avisaba de:

- Que se estaban a incumplir as medidas de seguridade no traballo por parte da empresa que estaba a facer as obras.
- Que non existían documentos, cuxa existencia é obrigatoria en obras de edificación.
- Que as características técnicas do traballo desenvolto non se axustaban ao proxecto e aos materiais empregados non eran os adecuados para a reparación.

Como supoñerán, o coñecemento deste documento levounos a pedir copia de todo o expediente desta obra e as pertinentes aclaracións no pleno do mes de marzo, xa que á vista do informe do arquitecto municipal, parece bastante claro que as goteiras que hai hoxe en día, serían como consecuencia da mala execución da reparación realizada.

O máis grave é que os responsables do concello nese momento, é dicir, o Sr. Cabezón e os seus concelleiros de obras e deportes, tendo coñecemento deste informe contrario, asinaron a recepción e o pago destas obras.

Ante a petición de aclaracións, o máis sorprendente foi a reacción desproporcionada do Sr. Cabezón durante o pleno, xa que arremeteu contra o

M OVENEDA

arquitecto municipal facendo ameazas veladas de denunciado.

Pero hai máis, xa que ao preguntarles sobre este tema aos que naquel momento estaban na oposición e que agora compoñen o goberno, o Sr. Alvariño, actual alcalde, do PSOE, dixo claramente que descoñecía completamente o tema.

Desta situación extraemos varias conclusións:

1. Que o PP permitiu facer unha obra sen as preceptivas obrigas legais e sen que se cumprisen as medidas de seguridade co conseguinte risco dun posible accidente que, afortunadamente, non ocorreu.
2. Que o PP recibiu a obra, dando o seu visto bo a pesar de contar cun informe negativo dun técnico municipal, no que se indicaba que esta obra estaba a ser mal executada e como dixemos antes a cualificaba de INADMISIBLE.
3. Que a oposición, naquela época, non sabemos onde se atopaba, xa que unha obra deste calibre, cun informe negativo dun técnico municipal, non debería de

“escaparse” a ninguén que estivera facendo ben o seu traballo na oposición.

Os cartos pagados por esa obra, son de toda a

[“a oposición [...] non velou polos intereses da veciñanza”]

veciñanza de Neda. E os cartos que posiblemente haxa que pagar agora para amañar os danos, tamén son da veciñanza. Ao Sr. Cabezón no lle afecta, xa que nin vivía naquel momento nin agora neste concello, pero todas as consecuencias da súa xestión témola que padecer as e os nedenses.

Pero tamén temos que chamar a atención sobre a forma de exercer a oposición daquela época, que non velou polos intereses da veciñanza, que confiaba nos seus representantes, tanto para facer como para controlar a actividade do Concello.

Mencionar que presentámolo caso na fiscalía e nos días q se pode demandar por incumplimento de contrato.

Gelis Sanchez

Segundo: De los hechos relatados en la denuncia sólo se desprende la posibilidad, avalada por el Arquitecto Municipal, de un eventual incumplimiento contractual derivado de una defectuosa ejecución de los trabajos. Dicha cuestión puede ser fundamento de una demanda de responsabilidad contractual pero de ello no se deriva indicio alguno de delito.

A Vespa Velutina

Como todos sabedes Moveneda presentou, no pleno celebrado o día 21 de Xaneiro de 2016, unha moción sobre a vespa velutina na que se pedía que se diran unhas charlas informativas tanto nos colexios coma no instituto e, ante a pouca disposición amosada polo grupo de goberno municipal para levalas a cabo, Moveneda decidiu poñerse en contacto cos tres centros de ensinanza do Concello para dar estas charlas ós rapaces e conciencialos da amena-

za que supón o avance desta praga e as súas consecuencias.

Deste xeito o pasado 27 de abril tivo lugar a primeira destas charlas-taller no colexio San Isidro para rapaces de 5º e 6º de primaria. Compartíronse coñecementos para que os nenos saiban identificar estes insectos e para que apliquen medidas de seguridade básicas se atopan un niño ou un espécimen.

MOVENEDA

Xa na parte do taller, os rapaces sorprendéron a máis de un coa súa habilidade para a construción de varios modelos de trampas, coa intención de capturar e eliminar vespas velutinas.

O día 20 de Xuño terá lugar a segunda charla-taller no Instituto Fernando Esquíu, na que estaremos cos rapaces de 1º e 2º de ESO.

Dende Moveneda queremos dar as grazas ós responsables destes dous centros educativos pola

boa acollida da nosa proposta que pensamos que é unha experiencia enriquecedora para todas as partes, profesorado, rapaces e os compañeiros que impartiron o taller.

No que respecta ó colexio Maciñeira, esperamos levar a cabo a charla-taller o vindeiro ano xa que este ano tiñan o calendario ocupado.



MOVENEDA

Celebración 1º Aniversario

Acábase de cumprir o 1º aniversario das eleccións municipais de maio de 2015, nas que como ven sabedes houbo cambio de goberno en Neda. Pasamos do goberno do PP co sr. Ignacio Cabezón á fronte ao TRIPARTITO de PSOE, BNG e CG co sr. Ángel Alvariño á cabeza.

Empezamos este artigo deste xeito porque a estas alturas aínda hai quen parece que non se enterou do cambio de situación e polo que levamos visto nos plenos realizados aínda hai quen segue a pensar que leva o bastón de mando no seu poder, pero nada máis lonxe da realidade.

Ben, ao que íamos, en toda festa de aniversario que se preze, sempre hai q celebrar con grande algarbía os acontecementos, pero... neste noso Concello de Neda temos grandes cousas que celebrar a nivel de xestión municipal neste 1º aniversario??

PSG PSOE NEDA

ECONOMÍA E FACENDA

A) XESTIÓN ECONÓMICA:

- Elaboración de orzamentos anuais participativos contando coa opinión de tódalas entidades do concello.
- Mellorar a xestión económica mediante a redución de gastos superfluos e optimización dos recursos públicos priorizando os gastos e investimentos segundo as necesidades do concello.

Baixarose os impostos?? NON, salvo a baixada do 0.6 ó 0.58 da contribución urbana que poden ser de media uns 10 € no recibo, sempre que non se lle actualizara o valor á vivenda polo "Catastrazo" do goberno do PP. A outra pequena rebaixa foi a exención do pago da rodaxe dos coches de máis de 25 anos de antigüidade.

Houbo unha gran participación veciñal na elaboración dos presupostos?? NON. É máis. Prácticamente non foi aceptada ningunha das nosas propostas e que saibamos non se contactou coas entidades veciñais.

Hai un bo mantemento de zonas verdes e parques e xardíns?? NON. Máis ben parece que non se lle tocou desde hai un ano.

Os camiños atópanse xa en millor estado que antes?? NON. Polo momento están igual ou peor.

Rebaixarose as percepcións do alcalde e concelleiros/as por asistencias ós plenos e comisións?? Prácticamente **NON.** Salvo a eliminación da Secretaría Particular do Sr. Cabezón, por certo, nomeada a dedo, (e que para quen non o saiba era a súa muller) cuxos servizos lle custaron ó Concello nos 8 anos que estivo, a estimable cantidade de 121.390 €, é dicir, máis de 20 millóns das antigas pesetas. É certo que tamén se eliminou o salario do anterior concelleiro de obras do PP e que tiña dedicación exclusiva ao Concello.

Pois polo visto, e polo pouco que hai que celebrar, nós que tiñamos a intención de facer unha gran festa, incluso con orquesta, nos atopamos conque se traemos unha charanga vains chegar para a celebración deste 1º aniversario.

Xoan Carlos Pita

MOVENEDA

Actividade do grupo municipal MOVENEDA


Neste apartado describiremos as actuacións mais destables del Grupo Municipal MOVENEDA no seu traballo no concello co propósito de que coñezades as nosas iniciativas e tamén de que propoñades novas.

- Asfaltado de camiños en mal estado
- Eliminar un enganche na aceira da Volta do Poulo, pois perigo de tropezóns e caídas
- Existencia de bache na subida a Alvarón/sumidoiros
- Lavadoiro da estrada fronte a entrada a Autopista
- Na Volta do Poulo hai un contenedor que perdeu o enganche
- Notificación de falta de tapa de alcantarillado no sumidoiro do Puntal de abaixo
- Petición da substitución de sinais de tráfico
- Notificación de que na Rúa do Castro están pedras soltas
- **Petición de que Aquagest revise os sumidoiros**
- Petición de que se asfalte a rúa Piñeiros e a rúa Lagareta
- Petición de que se incorpore no mantemento das zonas verdes a zona do Pouso Vello e Cruz do Pouso
- Petición do contrato con Aquagest (Marzo 2016)
- Petición reparación de fonte e lavadoiro da Mourela do Medio
- **Información sobre o tratado de cesión do Centro de Saúde ao Sergas**
- Pintado do reservado ambulancias do Centro de Saúde
- Solicitude información sobre novidades acerca do tratamento da Couza guatemalteca
- Valado de madeira da Cobeluda roto
- **Programa de formación e emprego do concello?**
- Solicitude do padrón de perceptores do Risga e contratación dos mesmos
- Proposta de que o Concello faga actos de rexeitamento á violencia de xénero, alomenos cando se produza algún caso próximo
- **Proposta de tramitar convenio con Narón para que os maiores de Neda poidan facer uso dos Centros de Día de Narón**
- Regulamento de queimas na zona urbana



MOVENEDA

Continuamos a demandar polos cauces oportunos o arranxo do noso concellos. Mandade as vosas foto denuncias.



 facebook

 CORREOS

Participa na edición do boletín

O boletín quere ser unha ferramenta dos veciños e para os veciños, estamos desexosos de que o fagades voso. Nel trataremos de informarvos do que acontece no concello de un modo mais cercano, tanto que nos encantaría que colaborasedes, ánimo!!

O boletín Trataremos de distribuílo polo municipio na medida das nosas posibilidades. Se queredes recibilo no domicilio ou correo electrónico, solicitadeo indi-

candonos a dirección postal, e sempre que teñamos posibles, farémolo.

Se queres colaborar no boletín de MOVENEDA ou poñerte en contacto con nós para outros asuntos, podes facelo por calquera dos medios indicados a continuación:

 <https://www.facebook.com/moveneda>

 moveneda@gmail.com

 Buzón **MOVENEDA**, Concello de Neda

Av. de Algeciras, 34 CP:15510 Neda, A Coruña